

COMISIÓN DE FACENDA, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR
en calidade COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

DICTAMEN

En Allariz, a 26 de xullo de 2015, as 13,30 h. sesión ordinaria.

Asistentes:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ

Secretario:

Maximino Jardón Pedras, Secretario da Corporación.

Preside o Alcalde, FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

ORDE DO DIA

- 1. ACTAS.- Aprobacion, se procede do borrador da acta anterior celebrada o 25/05/16 (CECU).**
- 2. CONTA XERAL 2015. Aprobación definitiva, se procede.**

---&&---

- 1. ACTAS.- Aprobacion, se procede do borrador da acta anterior celebrada o 25/05/16 (CECU).**

Quedaron aprobadas pola unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión, sen modificación alguna.

- 2. CONTA XERAL 2015. Aprobación definitiva, se procede.**

Visto o expediente tramitado do que deu conta o Alcalde,

Resultando que a Conta Xeral foi dictaminada con carácter inicial e favorablemente pola Comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior, en calidade de Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2015, sendo exposta a información pública mediante anuncio publicado

no BOP nº 122, de 28 de maio de 2016, por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, os interesados podían presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Resultando que durante o prazo de exposición pública non consta que se presentara reclamación algunha contra a citada conta.

A Comisión pola unanimidade dos tres concelleiros presentes na sesión, ACORDA:


Primeiro.- Aproba-la Conta Xeral do Concello de Allariz correspondente ó exercicio de 2015.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para que asine e expida cantos documentos sexan necesarios para a debida execución deste acordo.

E no tendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde levantou a sesión ás trece horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo. Certifico e dou fe.

O Alcalde



O Secretario

